



C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE **DATA DO 10/03/2016**

Alcalde – Presidente:

Don Enrique Álvarez Barreiro (PSOE)

Concelleiros asistentes:

Dona Amparo Rodríguez Fernández (PSOE)

Don Antonio Fernández Docampo (PSOE)

Don José Pinto Álvarez (A.V.)

Don Manuel Sánchez Arias (PSOE)

Don Pablo Alberto Deramond Mundaca (PSOE)

Concelleiros que non asisten:

Dona Eva Arias Aira (PSOE)

Dona María Jesusa Candal Jarrín (PP)

Don Santiago Rodríguez Fernández (PP)

Secretario:

Don Rodrigo Blanco Nóvoa

En Vilamartín de Valdeorras, sendo as 19:30 horas do día 10 de marzo de 2016, no salón de actos da Casa do Concello, reúnese a corporación municipal a fin de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Alcalde D. Enrique Álvarez Barreiro, coa asistencia dos concelleiros relacionados ó marxe.

Da fe do acto o Secretario-Interventor do Concello D. Rodrigo Blanco Nóvoa.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde-Presidente, trala comprobación polo Secretario do quórum de asistencia necesario para que poida ser iniciada, procédese á deliberación dos asuntos incluídos na Orde do Día.

1.APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O ANO 2016.

Toma a palabra o sr. Alcalde procedendo a dar lectura íntegra da Memoria correspondente ó Orzamento Munciiapl do ano 2016.

Posteriormente, o Sr. Alcalde propón ó pleno a aprobación da seguinte proposta de acordo:

"Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2016, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de



C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido dos informes do Interventor municipal, de data 23/09/2015 e o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria da mesma data do que se desprende que a situación é de equilibrio.

Esta Alcaldía propón:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vilamartín de Valdeorras para o exercicio económico 2016, xunto coas súas Bases de execución.

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o anexo de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

TERCEIRO. Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o 2016, as Bases de Execución e anexo de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación."

Unha vez lida a proposta intervén o Sr. Pinto manifestando que él tamén vé razoable o Orzamento a aprobar.

Pasada á votación, a proposta é aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2.-APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL.

Toma a palabra o Sr. Deramond, do PSOE, explicando ó Pleno o contido da Ordenanza a aprobar.

Posteriormente, propónse a ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

-PRIMEIRO: Aprobar aprobación inicial da Ordenanza Municipal de Emerxencia Social do Concello de Vilamartín de Valdeorras.



C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

·**SEGUNDO:** En cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, someter o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte á inserción no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

·**TERCEIRO.** Considerar, no suposto de que non se presentasen reclamacións o expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo.

Pasada á votación, a proposta é aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DUNHA BONIFICACIÓN DUN 90% DA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS Á FUNDACIÓN VALDEGODOS NO PROXECTO BÁSICO DE REFORMA DA RESIDENCIA DA TERCEIRA IDADE "VIRGEN DE LOS MILAGROS".

Vista a actual redacción da Ordenanza Reguladora do Imposto sobre Construccións, Instalacións e Obras, no seu artigo 7º:

"Artigo 7º. Bonificacións e reducións sobre a cota do imposto.

- Concederase unha bonificación do 90% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros."

Vista a solicitude presentada pola Fundación Valdegodos para a concesión de licenza de obra de reforma da Residencia "Virgen de Los Milagros", e a concesión dunha bonificación do 90% na cota do I.C.I.O. por tratarse dunha actividade de especial interese social e utilidade municipal."

Proponse, ó Pleno a adopción do seguinte Acordo:



**C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

**Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268**

-PRIMEIRO: Aprobar a declaración de especial interese e utilidade municipal da reforma da Residencia da Terceira Idade "*Virgen de los Milagros*", en Valdegodos, polo seu carácter social e de fomento do emprego no municipio.

-SEGUNDO: Conceder unha bonificación do 90% na cota do imposto do I.C.I.O. correspondente da licenza solicitada (cota que ascendería a 50.874,75 euros sen a bonificación), unha vez que se conceda ésta polo órgano competente.

Pasada á votación, a proposta é aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

Seguidamente, ó non haber máis asuntos a tratar, D. Enrique Alvarez Barreiro, Alcalde-Presidente, dá por rematada a sesión ás 19:58 horas, do que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE



Asdo: Enrique Alvarez Barreiro

O SECRETARIO-INTERVENTOR



Asdo: Rodrigo Blanco Nóvoa